

Texto: **J. PATRICK LEWIS**

Ilustracións: **ROBERTO INNOCENTI**

Tradución: **SILVIA PÉREZ**

Encadernado en cartón. 24x32 cm.

72 páxinas en color. Con sobrecuberta.

Dispoñible en:

-Castelán: "La casa". ISBN 978-84-92608-23-2


-Portugués: "A casa". ISBN 978-989-8205-35-3

Prezo: 20 €

## LA CASA

**En el dintel de la puerta puede leerse «1656»:  
un año de peste, el año de su construcción.**

**La hicieron de piedra y madera pero, con el paso  
del tiempo, sus ventanas comenzaron a ver  
y sus cornisas a oír. Vio crecer familias  
y caer árboles. Oyó risas y disparos, conoció  
tormentas, martillos y sierras, y finalmente,  
fue abandonada. Mucho tiempo después, un día,  
unos niños se aventuraron bajo su sombra buscando  
setas y castañas, y volvió a nacer con el amanecer de la edad moderna...**



A casa álzase nun alto, próximo a unha aldea. Sobreviveu a pragas, varias xeracións dunha familia habitárona, pedra sobre pedra viu pasar anos, décadas, séculos. Converteuse nunha lenda, pero caeu no abandono, ata que no século XX volveu renacer. A casa das vinte mil historias foi testemuña de vinte mil vicisitudes: felicidade e desgraza, celebracións e colleitas, guerra e paz... Esta é a súa historia, dende 1900 en diante, narrada por Patrick Lewis con pinceladas de texto de gran valor literario. As imaxes hiperrealistas do premiado artista Roberto Innocenti lévannos de viaxe polo tempo: dende os cambios estacionais ata a transformación da paisaxe, pasando polos vellos costumes que mudan co avance da tecnoloxía.

**J. PATRICK LEWIS** (Estados Unidos, 1942)

Foi profesor de Economía antes de adicarse á Literatura. É un dos autores infantís máis coñecidos de Norteamérica, con máis de sesenta álbums ilustrados publicados. Vive en Westerville, Ohio. A súa obra foi galardoada pola Asociación Americana de Bibliotecarios e pola Asociación de Escritores e Ilustradores.

**ROBERTO INNOCENTI**

(Bagno a Ripoli. Florencia, 1940)

De formación autodidacta, comezou a súa traxectoria artística aos 18 anos, cando empezou a traballar como deseñador nun estudo de animación. Tamén foi vendedor nunha galería de arte e grafista publicitario. Co seu privilexiado talento artístico, adicouse á diagramación de libros e a facer cartaces para teatro e cine.

Ilustrou "A historia de Erika" e "As aventuras de Pinocho", editados por KALANDRAKA. Tamén lle puxo imaxes a textos de escritores como Eta Hoffmann, Charles Perrault, Oscar Wilde, Christophe Gallaz ou Charles Dickens. As súas obras publicáronse en Francia, Estados Unidos, Dinamarca, Xapón, Noruega, Canadá, España, Alemaña, Suiza, Holanda, Bélxica, Suecia, Finlandia, Eslovenia, Italia, Bulgaria, Taiwan... Entre os premios que recibiu destacan a Mazá de Ouro na Bienal de Ilustración de Bratislava, a Medalla de Prata da Sociedade de Ilustradores de Nova York, e a nominación ao Premio Internacional de Ilustración Hans Christian Andersen 2004, unha distinción que por fin logrou en 2008. Actualmente vive en Florencia.



- **Temática:** historia dunha casa no século XX
- **Idade recomendada:** dende 8 anos
- **Aspectos destacables:** imaxes hiperrealistas, do ilustrador de "A historia de Erika" e "As aventuras de Pinocho"